

Docentes de pagamento delegado do ensino concertado en Galiza

TÁBOAS SALARIAIS 2017 ENSINO CONCERTADO GALEGO

ENSINO CONCERTADO	SALARIO BASE 2016	SALARIO BASE 2017	COMPL. AUTONÓMICO 2016	COMPL. AUTONÓM. 2017	TOTAL 2016	TOTAL 2017	TRIENIOS 2016	TRIENIOS 2017
E. INFANTIL, E.PRIMARIA, E. ESPECIAL	1585,79 €	1601,65€	166,23€	276,89 €	1752,02€	1878,54 €	36,04€	36,40€
1º CICLO ESO MESTRES	1585,79 €	1601,65€	258,18 €	375,50 €	1843,97 €	1977,15€	36,04 €	36,40€
LICENCIADOS ESO, FP, FPB	1862,22 €	1880,84€	156,46 €	283,62 €	2018,68 €	2164,46 €	45,44 €	45,89€

As táboas do 2017 inclúen o **incremento no C.A. aplicado pola Consellaría de Educación** e recollido nos Orzamentos da Xunta, Lei 1/ 2017 do 8 de febreiro, tal e como aparecía na Lei do Emprego Público (recuperación do Complemento Específico das funcionarias) e se aplicou por analogía no ensino concertado.

Este incremento supón **recuperar o recorte que a Xunta aplicou no 2013** no complemento autonómico, e do que aínda **está pendente de recuperar unha parte** (xaneiro e febreiro xa nolos pagaron logo de centos de sentenzas gañadas pola CIG que obrigaban á administración a facer o pagamento por aplicar este recorte de forma retroactiva e ilegal) **todo o 2014, 2015 e 2016.**

Aínda así tamén **faltaría recuperar o recorte salarial dende o 2011 do 5%** (gobierno Zapatero) e a **perda de poder adquisitivo acumulada dende 2010 que chega ao 5,2%!!!** (táboas salariais de 2011, 2012, 2013, 2014 e

2015 conxeladas e en 2016 a suba do 1%) **así como outros acordos autonómicos incumpridos.**

Ademais, **logo de aprobarse os Orzamentos Xerais do Estado para 2017** no verán, xunto coas táboas do 2017 do VI convenio estatal, **todo coa suba do 1%, estas táboas galegas incrementáronse para 2017 ese 1%** (DOG 134, 14/07/2017). Dende a CIG, non asinamos as táboas en Madrid “en pleno xullo” (ao igual que fixemos coas de marzo para 2014, 2015 e 2016), pois non só non recollen a recuperación do poder adquisitivo, senón que incrementan posto que non inclúen a cláusula de revisión salarial (previsións IPC 2017, entre 2-3 %).

Este 1% de incremento aplicouno a Consellaría de Educación no mes de agosto, actualizando de novo os salarios. Quedando pendente o pagamento dos atrasos, coa previsión de que sexa en novembro.